

maxinamos a don Victoriano botando a porta fóra da Casa do Ulla. Tomar pola estrada de VINCIOS, batendo de vagar os seus enormes zapatóns. Ao pouco, topar cun veciño que non dicía máis que “chacareladas”, e fuxir de contado. Axiña observar a magnífica cantería da escola dos americanos e, mentres toma folgos, abraíarse cos socalcos que pouco tempo despois admiraría o seu amigo e colega Antón Alonso Ríos, convertido xa en pobre de pedir, aínda sen crear o seu “outro”, o “siñor Afranio”, que lle axudaría a rispase das gadoupas da morte.

Subindo cara a Chain, don Victoriano botaba unha mirada de reollo ás veigas de millo e facía un alto en Regodauga para parrafear coas mulleres que andaban no lavadoiro.

Era unha tarde de sol de primavera en tempos de ilusión traídos pola “nena bonita”. Aquela tarde non había escola e aproveitou para achegarse ata a de Paulino Pazos en VINCIOS e comentar as novas un chisco desacougantes daqueles días. Na porta da de Paulino diríalle, coma sempre, á filla pequena deste, ¡fálame en galego neniña!, ¡en galego!, que é tan fermoso coma ti.

A este home, mestre e poeta, home do pobo que gustaba de beber nas fontes da súa cultura dedicamos esta nova monografía da Revista de Estudos Miñoranos. A don Victoriano Taibo que durante case vinte anos impartiu aulas en Morgadáns do Miñor queremos lembrar e estudar nestas páxinas que tes nas túas mans. Mais queremos tamén reivindicar a súa persoa, ao poeta, ao estudoso da lingua de nós, ao mestre, ao exemplo de galeguidade; queremos rescatar dun inxusto esquecemento a obra literaria de quen no seu momento foi acollido polas institucións culturais máis senlleiras do país como o Seminario de Estudos Galegos ou a Real Academia Galega.

Neste labor de rescate hai dúas persoas que traballaron sen acougo para que esta monografía, os actos de homenaxe, a creación do Premio de poesía Victoriano Taibo e a reedición dos contos e lendas recollidas no libro *A Agra Aberta* fosen unha realidade. Refírome a José Luís Alonso Hermida, veciño de Morgadáns e entusiasta da súa parroquia, e a Miguel Anxo Mouriño Fernández, director da sección de

Filoloxía e Literatura do Instituto de Estudos Miñoranos. Sen eles todo este labor non sería posible.

Como tampouco o sería sen a xenerosa e entusiasta colaboración de Gloria Taibo e o seu compañeiro Miguel que nos abriron as portas dos arquivos familiares para fornecernos de fotografías, recortes de prensa, manuscritos, documentos persoais e tirar da memoria familiar todo canto dato precisabamos.

E que dicir das persoas que con non menos xenerosidade roubáronlle tempo ás súas múltiples ocupacións para preparar as súas magnificas colaboracións: Marta Dacosta, Manuel Forcadela, Armando Requeixo, Paco Fernández Rei, Mercedes Queixas, Antonio Valverde, Iago Martínez e Xesús Alonso Montero que ademais non brindou os Contos para Hixinio a fin de que un pequena mostra servise para iluminar esta revista.

Hai labores ás veces menos aparentes pero tamén imprescindibles como a de Manoel Santos que se ocupou de maquetar unha presa de textos e imaxes ata termos esta fermosa publicación ou a de Antón Mascato que coidou da edición, foi e veu, corrixiu, anotou, achegou ideas e vixiou celosamente para que todo estivese no seu sitio, e no momento preciso.

Salientar a inmediata acollida que a nosa proposta tivo por parte da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, a través da súa Delegada Provincial María Xesús López Escudeiro, pois a realización desta publicación sería imposible sen a súa colaboración.

Deixo para o remate aos que coa súa positiva aceptación verteron auga no rodicio para que este comezase a xirar. Estoume a referir á Entidade Local Menor de Morgadáns que aprobou, por unanimidade, a dotación económica necesaria para poñer en marcha o Premio de Poesía Victoriano Taibo - Entidade Local de Morgadáns, publicar o texto premiado e asegurar a súa continuidade en futuras edicións. Dende o primeiro momento o seu Presidente Urbano Esmero de Domínguez acolleu con entusiasmo este proxecto que tomou forma inmediatamente a través dun convenio de colaboración.

Morgadáns do Val Miñor, outubro de 2008

Carlos Méixome

Director do *Instituto de Estudos Miñoranos*